

AER DENUNCIA A FALTA DA POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA “CIDADES AMIGAS DA INFANCIA” DE UNICEF



AER, tras presentar xa hai un ano no pleno municipal de Redondela unha moción sobre a “adhesión ao Programa Cidades Amigas da Infancia de UNICEF”, critica a deixadez do goberno municipal do Partido Popular por non cumprir co acordado, de forma unánime no pleno do 31 de marzo de 2016.

O Programa promove a creación de plans locais da infancia e adolescencia, para o cal, o goberno local contratou unha empresa externa para a realización dun diagnóstico local e que leva un retraso de tres meses.

A maiores, o Programa promove a participación cidadá dos nenos e nenas na vida municipal a través de Consellos da Infancia, órgano que xa podía estar en marcha dende hai un ano.

Dende AER denunciámos o abandono e a apatía do goberno local pola infancia, que fai que este programa non vaia adiante.

Redondela, a 3 de marzo de 2017.

Para máis información,

Agrupación de Electores de Redondela (AER)
Domicilio: **Rúa Pai Crespo 15-Baixo, 36800 – Redondela.**
Tlfo: **647126712 - 886139336**
mail: **info@aeredondela.com**